

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A COMISIÓN DE INTERCAMBIO CULTURAL, EDUCATIVO E CIENTÍFICO ENTRE ESPAÑA E OS ESTADOS UNIDOS DE AMÉRICA PARA O PROGRAMA DE BOLSAS XUNTA DE GALICIA-FULBRIGHT

MEMORIA XUSTIFICATIVA

José Alberto Díez de Castro, secretario xeral de Universidades.

DECLARA

Que esta Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades ten previsto formalizar coa Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, a través da Axencia Galega de Innovación (Gain) e a Comisión de Intercambio Cultural, Educativa e Científico entre España e os Estados Unidos de América (Comisión Fulbright-España), o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xaneiro de 2023 ao 30 de decembro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, a Axencia Galega de Innovación, e a Comisión Fulbright-España para a prestación de servizos complementarios destinados ás persoas beneficiarias das estadias Fulbright incluídas no programa de formación do persoal investigador en réxime de contrato posdoutoral da Xunta de Galicia. Están destinadas a persoas investigadoras das universidades galegas, dos organismos públicos de investigación de Galicia e doutras entidades do Sistema I+D+i galego, interesadas en completar a súa formación nunha universidade ou nun centro de investigación de Estados Unidos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase nun interese público, xa que na actualidade a investigación configúrase como fundamento da docencia e como medio para o desenvolvemento científico e cultural da sociedade, a través da transferencia do coñecemento. Búscase favorecer a carreira científica dos nosos investigadores e investigadoras, facendo fincapé nas liñas consideradas estratéxicas pola Xunta de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de



2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela na data situada na marxe

